


DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

5 de xuño de 2015



Día Mundial del Medio Ambiente 2015
**Siete mil millones de sueños.
Un solo planeta.
Consume con moderación.**
Junio 5

ferrovial
servicios



1. ANTECEDENTES

A celebración do Día Mundial do Medio Ambiente (DMMA) como unha actividade escolar dos Centros Educativos de Santiago de Compostela forma parte das melloras ofertadas por Ferrovial Servicios, dentro do Programa de Sensibilización Ambiental, como concesionaria do **Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arborado do Concello de Santiago de Compostela**.

Complementando á oferta de actividades de formación continuada, plantéxase a posta en marcha de actividades puntuais para a educación ambiental, centradas en accións de educación e sensibilización para os escolares de ensinanza regrada.

Estas actividades de promoción do Día do Medio Ambiente consistirán nun **concurso de fotografía** e outro de **modelado 3D**.

2. O DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

A celebración do Día Mundial do Medio Ambiente (DMMA) é a principal ferramenta da ONU para impulsar á acción e sensibilización polo medio ambiente. Foi establecido pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas na Conferencia de Estocolmo de 1972, fixando como data para a súa celebración o 5 de xuño de cada ano.

Ao longo dos anos, o DMMA creceu ata converterse nunha plataforma mundial que se celebra en máis de 100 países. Tamén serve como “día das persoas” para facer algo positivo polo medio, unindo as accións individuais nunha gran forza colectiva que xere un impacto exponencial positivo para o planeta.

O lema deste ano é “**Sete mil millóns de soños. Un só planeta. Consume con moderación**”. O benestar da humanidade, o medio ambiente e o funcionamento da economía depende en última instancia da xestión responsable dos recursos naturais do planeta. Sen embargo, as persoas seguen consumindo moitos máis recursos naturais dos que o planeta pode proporcionar de forma sostible.

Moitos dos ecosistemas da Terra están a chegar ao seu punto límite de esgotamento e cambio, empurrando polo crecemento da poboación e desenrolo económico. Para o 2.050, se continúan as actuais pautas do consumo, e cunha poboación mundial que medre e que se agarda que alcance os 9,6 mil millóns,


precisaríamos de tres planetas para manter os nosos actuais modos de vida e consumo.

Consumir con moderación supón vivir tendo en conta o límite do planeta para asegurar un futuro saudable onde todos os nosos sonhos poidan facerse realidade. A prosperidade non ten que supor un custe para a Terra. Vivir de xeito sostible significa facer máis con menos. Trátase de saber que as taxas actuais de uso de recursos naturais e os impactos medio ambientais destes non serán han de ser parte indispensable do desenrolo económico.

3. ACTIVIDADE REXISTRADA DENTRO DUNHA ACCIÓN GLOBAL

A actividade do Día Mundial do Medio Ambiente en Santiago de Compostela é unha oportunidade de que todos nos demos conta da responsabilidade para coidar a Terra e converternos en axentes de cambio.

Coa celebración deste día, Santiago de Compostela unirase a unha acción global do Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), quedando rexistrada na páxina web de dito programa.



<http://www.unep.org/spanish/wed/>

Ao longo dos diferentes anos de celebracións do DMMA, centenaes de miles de persoas de todo o mundo e de todos os sectores da sociedade

protagonizaron accións polo medio. En 2014 rexistráronse un total de 9.700 actividades, unha cifra que triplicou o dos últimos dous anos.

Por iso, queremos compartir esta actividade co resto do mundo e facer que inspire outros, coa realización dun concurso de fotografía e outro de modelado en 3D.

4. CONCURSO DE FOTOGRAFIA

Para a celebración en Santiago de Compostela do Día Mundial do Medio Ambiente poñerase en marcha un **concurso fotográfico** buscando lograr a maior implicación entre o alumnado compostelán.

A fotografía é unha maneira creativa de inspirar á acción na defensa medio ambiental, xa que as imaxes poden capturar de forma atractiva a imaxe da Terra e inspirar outras persoas a coidar do medio que os rodea. Ao ter que seleccionar un obxecto, o campionato estimula a creatividade, contribuirá a que os alumnos se fixen no que hai nos xardíns e volvan a vista cara a eles.

As **bases** para o concurso de fotografía do DMMA son as seguintes:

1. Dirixido ao alumnado dos Centros Educativos de Santiago de Compostela de Primaria, Secundaria e Bacharelato.
2. A temática do concurso é "**Árbores urbanas, o pulmón da cidade**".
3. A data de presentación das fotografías será desde o inicio do curso escolar 2015/16 ata o 31 de outubro de 2015.
4. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos. Pode ser tomada con calquera dispositivo dixital (móbil, tablet, cámara...).
5. O alumnado poderá participar individualmente ou en grupo, pero no caso de participar en grupo os autores/as do debuxo deberán pertencer ao mesmo curso e grupo.
6. No arquivo deberá constar:
 - Nome de autor/a ou autores/as concursantes
 - Curso e grupo
 - Título do traballo presentado (opcional)
7. A entidade convocante comprométese a darlle publicidade ás obras premiadas.
8. Así mesmo, a presentación dos traballos supón a aceptación das bases da presente convocatoria:
 - Os premios poderán ser declarados desertos
 - As decisións do xurado serán inapelables
 - As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado segundo o seu mesmo criterio

9. Os orixinais para optar aos premios, poderán ser remitidos ou entregados das seguintes maneiras:

- Nos Centros Educativos nun dispositivo de almacenamento dixital (cd, memoria, usb...). Posteriormente, serán recollidas por persoal do Departamento de Parques e Xardíns.
- Por correo electrónico: ilopez@ferrovial.com
- No Twitter mediante o hastag **#DMMASantiago**

10. O xurado estará composto por representantes do Departamento de Parques e Xardíns e de Ferrovial Servicios.

11. Establécense as seguintes categorías:

- Primeiro grupo (de 1º a 3º de Primaria)
- Segundo grupo (de 4º a 6º de Primaria)
- Terceiro grupo (Secundaria)
- Cuarto grupo (Bacharelato)

En cada un dos grupos entregaranse primeiro, segundo e terceiro premios que consistirán nun dispositivo electrónico.

A entrega de premios efectuarase no lugar e na data que se indique, a cal será debidamente comunicada ao Centro Educativo, así como aos gañadores do concurso.

5. CONCURSO DE MODELADO 3D

O concurso de **modelado 3D** empregará unha aplicación para teléfonos móbiles que se pode descargar na páxina web <http://d3mobile.es/>

A devandita actividade achegará os espazos axardinados aos escolares a través dun instrumento moi familiar: o teléfono. Trátase dun formato que resulta moi atractivo e próximo, tendo polo tanto un elevado impacto.

As **bases** para o concurso de modelado 3D son as seguintes:

1. Dirixido ao alumnado dos Centros Educativos de Santiago de Compostela de Secundaria e Bacharelato.
2. A obxecto do concurso é facer un modelado en tres dimensións dunha **castaña**.
3. Axúntase un manual de axuda para o manexo da aplicación e instrucións para a súa descarga.
4. A data de presentación dos modelados será desde o inicio do curso escolar 2015/16 ata o 31 de outubro de 2015.
5. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos.

6. O alumnado poderá participar individualmente ou en grupo, pero no caso de participar en grupo os autores/as do debuxo deberán pertencer ao mesmo curso e grupo.
7. No arquivo deberá constar:
 - a. Nome de autor/a ou autores/as concursantes
 - b. Curso e grupo
 - c. Título do traballo presentado (opcional)
8. A entidade convocante comprométese a darlle publicidade ás obras premiadas.
9. Así mesmo, a presentación dos traballos supón a aceptación das bases da presente convocatoria:
 - a. Os premios poderán ser declarados desertos
 - b. As decisións do xurado serán inapelables
 - c. As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado segundo o seu mesmo criterio
10. Os orixinais para optar aos premios, poderán ser remitidos ou entregados das seguintes maneiras:
 - a. Nos Centros Educativos nun dispositivo de almacenamento dixital (cd, memoria usb...). Posteriormente, serán recollidas por persoal do Departamento de Parques e Xardíns.
 - b. Por correo electrónico: ilopez@ferrovial.com
 - c. No Twitter mediante o hastag **#DMMASantiago**
11. O xurado estará composto por representantes do Departamento de Parques e Xardíns e de Ferrovial Servicios.
12. Establécense as seguintes categorías:
 - Primeiro grupo (Secundaria)
 - Segundo grupo (Bacharelato)En cada un dos grupos entregaranse primeiro, segundo e terceiro premios que consistirán nun dispositivo electrónico.

A entrega de premios efectuarase no lugar e na data que se indique, a cal será debidamente comunicada ao Centro Educativo, así como aos gañadores do concurso.

6. INFORMACIÓN E CONTACTO

Correo electrónico: ilopez@ferrovial.com

Teléfono: 661406965

Páxina web de información sobre a aplicación: www.d3mobile.es

Páxina web de descarga da aplicación: www.123dapp.com/catch

Manual de manexo da aplicación:

www.d3mobile.es/prueba_gratis/Prueba_Gratis_ESP.pdf